



MANIFESTO 25N CURSO 23/24:

Sabiades que a primeira denuncia en España de violencia de xénero foi no século XVII?

En Alcalá de Henares a finais do século XVII, Francisca elevou a violencia que sufría ás instancias civís, eclesiásticas e universitarias. Un percorrido xudicial que rematou nun tribunal encabezado polo reitor da Universidade, Álvaro de Ayala, quen ditou en 1624 unha sentenza excepcional: divorcio, devolución do seu dote e orde de afastamento. Non volveu acontecer algo similar ata ben avanzado o século XX.

No século XXI a violencia de xénero segue a existir: unha de cada tres mulleres sufriu violencia física ou sexual, a maior parte da súa parella ou exparella. No que vai de ano foron asasinadas 52 mulleres en toda España, 2 delas en Galicia. Son demasiadas vidas roubadas.

É tarefa de toda a sociedade, de cada unha das persoas que a integramos, concienciarnos contra a violencia e o máis importante, **ACTUAR** contra ela.

Dende o **Centro Integrado de Formación Profesional Rodolfo Ucha Piñeiro** convidámosvos a seguir estes compromisos:

- Considerar que as persoas, mulleres e homes, somos iguais en dereitos.
- Rexeitar toda acción ou comentario que trivialice a discriminación das mulleres.
- Analizar criticamente os discursos para non caer no sexismo.
- Promover unha educación igualitaria.
- Resolver os conflitos de maneira non violenta.
- Mostrar apoio e solidariedade coas mulleres que sexan vítimas de violencia de xénero.
- Non aceptar ningunha conduta por parte da túa parella coa que che minimize, aise, ameace, controle... Recorda que iso non é amor.

Hoxe manifestamos o noso desexo dun futuro no que non existan razóns para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Para finalizar **gardaremos un minuto de silencio** en memoria das vítimas, ás que tamén imos **dedicar unha ofrenda floral**. Unha flor por cada unha das mulleres que foron asasinadas no que levamos do ano 2023 a mans da súa parella ou exparella.

Realizado polo alumnado de 1º curso do Ciclo de Xestión de Ventas Dual.